EPVA-B2.1	4º-EPVAB2.1.4 - Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica á creación de deseños persoais.	Aplica correctamente os métodos xerais de construción de polígonos na elaboración de composicións e deseño de motivos xeométricos.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Resolución de exercicios e problemas.</p>	CAA CMCT
EPVA-B2.2	4º-EPVAB2.2.1 - Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p>	CAA CMCT

	principais.				INSTRUMENTOS: Resolución de ejercicios e problemas. Resolución de ejercicios e problemas.	
EPVA-B2.2	4º-EPVAB2.2.2 - Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de ejercicios e problemas. Produccións plásticas. Resolución de ejercicios e problemas.</p>	CAA CMCT
EPVA-B2.2	4º-EPVAB2.2.3 - Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de ejercicios e problemas. Produccións plásticas. Resolución de ejercicios e problemas.</p>	CAA CMCT
EPVA-B2.2	4º-EPVAB2.2.4 - Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	Realiza perspectivas cónicas frontais, identificando cada un dos seus elementos.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de ejercicios e problemas. Produccións plásticas. Resolución de ejercicios e problemas.</p>	CAA CMCT
EPVA-B2.3	4º-EPVAB2.3.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Produccións plásticas.</p>	CAA CMCT
EPVA-B3.1	4º-EPVAB3.1.2 - Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a	Analiza, investiga e reproduce mediante apuntamentos obxectos do contorno con diferentes graos de iconicidade.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Produccións plásticas. Investigacións.</p>	CCEC

	linguaxe visual e verbal.						
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.1 - Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	Utiliza as formas xeométricas básicas e as transforma na realización dun logotipo.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CSIEE CCEC
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.2 - Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	Aplica as fases de realización da imaxe corporativa no deseño dun logotipo para a excursión de fin de curso.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Diario de clase.</p>	CSIEE CCEC
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.3 - Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	Valora e aplica nas súas producións plásticas a orde e a limpeza.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Diario de clase.</p>	CSIEE CCEC
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.4 - Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de	Investiga e recopila información de internet para empregala no desenvolvemento dun proxecto de deseño.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Investigacións.</p>	CD CSIEE CCEC

	deseño.						
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.5 - Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras	Participa activamente no desenvolvemento de proxectos de xeito cooperativo.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	<p>CSIEE</p> <p>CCEC</p>
EPVA-B4.1	4º-EPVAB4.1.1 - Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	Identifica os tipos de planos que aparecen en secuencias de imaxe en movemento.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Proba aberta. Caderno de clase.</p>	<p>CD</p> <p>CSIEE</p> <p>CCEC</p>
EPVA-B4.1	4º-EPVAB4.1.2 - Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	<p>CSIEE</p>
EPVA-B4.2	4º-EPVAB4.2.1 - Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	Identifica as angulacións e os movementos de cámara en secuencias de imaxes en movemento.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.</p>	<p>CD</p> <p>CSIEE</p> <p>CCEC</p>
EPVA-B4.2	4º-EPVAB4.2.2 - Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Caderno de clase.</p>	<p>CD</p> <p>CSIEE</p> <p>CCEC</p>
EPVA-B4.2	4º-EPVAB4.2.3 - Compila imaxes de prensa e analiza	Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>	<p>CD</p> <p>CSIEE</p>

	as súas finalidades.					INSTRUMENTOS: Investigacións.	CCEC
EPVA-B4.3	4º-EPVAB4.3.1 - Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B4.3	4º-EPVAB4.3.2 - Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B4.3	4º-EPVAB4.3.3 - Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CD CSIEE CCEC
EPVA-B4.4	4º-EPVAB4.4.1 - Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	Identifica os elementos que compoñen unha imaxe publicitaria.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B3.2	4º-EPVAB32.1 - Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	Coñece as principais ramas do deseño.		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba aberta.	CSIEE CCEC

A organización dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe por temas e proxectos concrétese con detalle na programación de aula desta materia.



## 5 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A natureza desta materia é fundamentalmente práctica, baseada na experimentación persoal, polo tanto a metodoloxía empregada ten que ser unha metodoloxía activa e participativa, na que o alumnado, partindo da súa experiencia persoal, vaia adquirindo os coñecementos propios da materia e desenvolvendo as diferentes competencias clave.

Tamén será inclusiva e terá en conta a diversidade do alumnado para iso aplicárase o **modelo SEM** de enriquecemento do currículo, que incorpora as metodoloxías de **aprendizaxe cooperativa**, de **aprendizaxe baseada no pensamento** e a **aprendizaxe por proxectos**, coa finalidade de mellorar a aprendizaxe, favorecer a integración e a solidariedade entre o alumnado do grupo, desenvolver un pensamento crítico e fomentar a autonomía persoal.

Partirase dos coñecementos previos do alumno, determinados mediante unha avaliación inicial, para ir afondando e construíndo os contidos de cada unidade didáctica, e dicir, partir do máis concreto para rematar no coñecemento xeral.

Cada unidade afrontarase comezando con exercicios prácticos moi concretos, aos que lles seguirá unha reflexión en grupo, tratando de que o alumno sexa o protagonista, na que se esmigallarán os diferentes contidos da unidade traballando sobre a análise dos exercicios prácticos.

Ao remate de cada unidade, en grupo, farase un mapa conceptual dos contidos tratados. E por último realizarase unha proba que combinará exercicios teóricos e prácticos, para determinar o grao de comprensión da unidade e o nivel de execución de cada alumno/a.

Nesta materia non se traballa con libro de texto polo que todos os contidos teóricos e recursos documentais estarán a disposición do alumnado a través da aula virtual da materia.

Durante as primeiras semanas de clase adicarase un tempo de cada sesión a que o alumnado se familiarice co manexo da aula virtual. En todas as udis/proxectos desenvolveranse, ademais, tarefas e actividades nas que se precisen ferramentas e recursos dixitais, coa finalidade de que o alumnado estea preparado para continuar coa aprendizaxe online se a situación o requirise.

### 5.1 Adaptacións metodolóxicas para un ensino semipresencial.

Nesta situación combinaríanse as estratexias propias do ensino presencial co do ensino online. A aula virtual sería a principal vía de fonte de recursos e de transmisión dos





contidos. Empregaríase a metodoloxía da aula invertida onde as clases presenciais servirían para reforzar as aprendizaxes e solucionar os problemas e dificultades coas que se atope o alumnado durante o proceso. As actividades propostas dentro de cada proxecto terán un carácter fundamentalmente práctico e estarán orientadas a fomentar a autonomía do alumnado.

En caso de confinamentos concretos dalgúns alumnos/as, sen que afecte ao grupo na súa totalidade, manterase comunicación con estes/as e as súas familias a través das plataformas Abalar Móbil, correo electrónico e videoconferencia.

## 5.2 Adaptacións metodolóxicas para un ensino non presencial.

Se as circunstancias obrigan a suspender as clases presenciais o proceso de ensino-aprendizaxe continuaría a través da aula virtual da materia. Ao igual que nos anteriores escenarios o alumnado podería acceder aos contidos conceptuais a aos diferentes recursos de xeito online.

Fariase unha proposta de traballo semanal ou quincenal, dependendo dos estándares que se traballasen. As tarefas e as actividades propostas serían prácticas cun enfoque competencial.

A comunicación co alumnado e as súas familias realizaríase a través das plataformas Abalar Móbil, videoconferencia e o correo electrónico.

Paralelamente faríase un seguimento persoal de cada alumno/a mantendo comunicación como mínimo unha vez por semana a través de videoconferencia, en grupos reducidos de 7 alumnos/as como máximo, tamén se desenvolverían titorías individuais con aqueles alumnos/as que o precisaran, co obxectivo de acompañar, motivar e axudar a superar as dificultades académicas e persoais que foran xurdindo ao longo do proceso.

Manteríase comunicación semanal co equipo docente, en especial cos titores/as de cada grupo a través das canles que establecesen a xefatura de estudos e a dirección do centro.

## 5.3 Materiais e recursos didácticos.

- Material da aula de Plástica. Materiais específicos aportados polo departamento: material de gravado, de revelado fotográfico, pinturas para tela, barro e pastas de modelado e de papel, etc... (Aplicando os protocolos de limpeza e desinfección establecidos nas normas de uso do material da aula).
- Material bibliográfico relacionado coa materia. Biblioteca de aula. (Aplicando os

protocolos de limpeza e desinfección establecidos nas normas de uso do material da aula).

- Aula Virtual da materia.
- Recursos dixitais e audiovisuais (DVD documentais, CD- ROM, CD de audio, presentacións, Internet, pizarra dixital, aplicacións e software para a creación de contidos audiovisuais).

#### 5.4 Espazos.

- Aula do grupo.
- Aula de plástica.
- Biblioteca.

### 6 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Para determinar a cualificación nesta materia ó final de cada trimestre, os distintos aspectos valorados se englobarán en tres apartados.

No primeiro valorarase o traballo individual a través da corrección e cualificación das actividades realizados en cada udi/proxecto, terase en conta especialmente o traballo realizado na aula. En cada actividade avaliarase unha serie de estándares, na programación de aula estará recollida a concreción dos estándares para cada actividade e o peso asignado na cualificación da mesma. Cada actividade terá unha cualificación do 1 ó 10, a continuación farase media de todas as actividades realizadas e a nota obtida suporá o 50% da cualificación do trimestre.

No segundo apartado valorarase a nota obtida na proba que se realizará ao rematar cada unidade didáctica. Na programación de aula estará recollida a concreción dos estándares que se avaliarán en cada proba e o peso asignado na cualificación para cada un deles.

Cando esta proba teña unha avaliación negativa realizarase unha recuperación da mesma. Farase a media das notas obtidas nas probas realizados ao longo do trimestre, o que suporá o 40% da cualificación do trimestre.


No terceiro valorarase, mediante a observación sistemática recollida no caderno do profesor, os seguintes aspectos: puntualidade na entrega das actividades, interese, participación, traballo en grupo, coidado do material. Unha avaliación positiva neste apartado supón un 10% da nota do trimestre.

Para recuperar un trimestre con avaliación negativa o alumno deberá realizar unha serie de actividades propostas pola profesora, debendo obter unha nota mínima de 5 na media de todas as actividades e realizar a proba de fin de unidade (en caso de non tela superada) e obter unha nota mínima de 5 na mesma.


Ao rematar o curso a nota final establecerase facendo a media entre as notas dos tres trimestres.

### 6.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Procedementos	Peso (gráfico 1)	Instrumentos	Peso (gráfico 2)
Análise das producións do alumnado.	50%	Producións plásticas.	35%
		Resolución de exercicios e problemas.	5%
		Investigacións.	4%
		Caderno de clase do alumno/a.	6%
Probas específicas.	30%	Proba aberta.	15%
		Resolución de exercicios e problemas.	15%
Observación sistemática.	20%	Diario de clase do profesor/a.	10%



- Análise das producións do alumnado.
- Probas específicas
- Observación sistemática



- Producións plásticas
- Resolución de exercicios e problemas
- Investigacións
- Caderno de clase
- Proba aberta
- Resolución de exercicios e problemas
- Diario de clase

## 6.2 Avaliación final.

Deberá realizar a avaliación final o alumnado que teña dous ou os tres trimestres con avaliación negativa.

Constará de dúas partes:

- A realización dunha proba escrita na que se avaliarán os estándares pendentes non superados polo alumno/a nas avaliacións previas. A cualificación da proba obterase mediante a media ponderada dos estándares avaliados e suporá o 40% da nota da avaliación final.
- Entrega dos traballos que non se entregaron ao longo do curso e repetición dos traballos con avaliación negativa. Farase a media das notas obtidas en cada traballo e suporá o 60% da nota da avaliación final.

## 6.3 Avaliación extraordinaria.

Consistirá na realización dunha proba de carácter mixto que combine preguntas obxectivas, preguntas abertas, resolución de exercicios e problemas, e a realización de producións plásticas segundo as instrucións marcadas.

# 7 AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

## 7.1 Indicadores de logro do proceso de ensino.

	Escala			
	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.				
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				



Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## 7.2 Indicadores de logro da práctica docente.

	Escala			
	1	2	3	
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
Combínase o traballo individual e en equipo.				
Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 8 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O alumno/a que promocióne de curso coa materia pendente poderá recuperala durante o transcurso do seguinte curso mediante realización dun programa de actividades acordado co alumno/a a principio de curso. Nel estableceranse as actividades a realizar e a



temporalización da entrega das mesmas, e levarase a cabo por parte da profesora da materia un seguimento mensual da evolución do traballo.

O alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 5 ao facer a media das cualificacións de cada unha das actividades programadas. A nota obtida suporá o 60% da cualificación final.

No mes de maio realizarase unha proba escrita, con preguntas obxectivas, preguntas abertas e con exercicios de xeometría. Esta nota suporá o 40% da cualificación final.

## 9 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Fundamental para coñecer a situación do alumno ao comezo do curso. Será unha proba na que se combinen unha serie de preguntas teóricas coa realización dunha composición gráfica.

Realizarase a comezos do mes de outubro.

Os aspectos avaliados serán: a capacidade de expresión artística, o nivel de creatividade, o sentido estético, o nivel de utilización dos materiais e a capacidade de observación, a comprensión lectora e a expresión escrita.

Os resultados obtidos polo alumnado nesta proba servirán para establecer o punto no que se atopa cada alumno/a con respecto á materia, e constituirán unha fonte de información que axudará a axustar e adecuar a metodoloxía de traballo a cada caso particular. Tamén servirán, mediante unha comparativa cos resultados finais, para rexistrar a evolución do alumno/a.

## 10 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### 10.1 Medidas ordinarias.

- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno, como traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos.
- Diferenciación curricular.
- Adaptación dos tempos e os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
- Programa específico para alumnado repetidor da materia.
- Materiais e recursos didácticos diferenciados.

### 10.2 Medidas extraordinarias.

- Adaptacións curriculares na materia.
- Coordinación co especialista en Pedagogía Terapéutica (intervención dentro e fóra da aula) e coa orientadora do centro.

### 10.3 Actividades de reforzo e ampliación.

En función do grao de comprensión, están previstas en cada unidade unha serie de actividades de reforzo para aqueles alumnos que amosen dificultades. Están clasificadas en función do obxectivo a acadar: desenrolo da creatividade, manexo dos instrumentos, materiais e técnicas, desenrolo da conexión óculo-manual, desenrolo da retentiva e a memoria visual, comprensión e abstracción do tridimensional...

Pola contra tamén están previstas actividades de ampliación para aqueles alumnos que superan o nivel medio do grupo, permitíndolle ao alumno a elección do grao de dificultade.

### 10.4 Modelo do Plan de Reforzo.

Datos do alumno		
Apelidos:		Nome:
Curso/ grupo:		Data nacemento:
Datos de escolarización anteriores significativos:		

Materias que precisan reforzo educativo, temporalización e responsables				
Materia	Nome da materia	Temporalización		Profesorado implicado
		Data inicio do reforzo	Data prevista final reforzo	

Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual	
Ámbitos a reforzar	
Outras medidas ordinarias (desdoblamento grupos, adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación, organización e xestión da aula,..)	



<b>Outras medidas fóra do horario lectivo (PROA,...)</b>	
<b>Aspectos a incidir na entrevista coa familia</b> (Seguimento da axenda escolar, tarefas extraescolares,...)	
<b>Outros:</b>	

<b>Actuacións no ámbito curricular (materias con reforzo educativo)</b>
<b>Materia:</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Aspectos fortes do alumno sobre os que apoiar a intervención:</li><li>▪ Aspectos a reforzar (concretados en indicadores de logro):</li><li>▪ Especificar o tipo de axuda necesaria (dentro da aula. De forma extraordinaria, fóra):</li><li>▪ Metodoloxía:</li><li>▪ Materiais de apoio:</li><li>▪ Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):</li></ul>
Observacións:

## 11 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.

11.1 Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.





Para o fomento da lectura desenvolveranse actividades que teñen por obxecto traballar a integración das linguaxes literaria e visual: Ilustración de textos literarios, a narración a través da imaxe, o cómic e o estudo e tratamento dos medios de comunicación impresos. Realizaranse tarefas de investigación nas que sexa imprescindible ler documentos de distinto tipo e soporte.

A biblioteca de aula pon a disposición do alumnado material de consulta relacionado coa materia sobre movementos artísticos, períodos históricos e bibliografías de artistas e personaxes históricos, conta tamén con seccións adicadas ao álbum ilustrado, libros pop-up e libros obxecto.

A expresión escrita traballarase a través da realización de traballos de investigación plasmados en documentos de texto e presentacións de diapositivas.

A expresión oral desenvolverase fomentando a participación oral en actividades de clase (exposicións, argumentacións, discusións, etc...)

## 11.2 Comunicación audiovisual.

Desenvolveranse actividades relacionadas co tratamento da imaxe dixital e coa creación de contidos audiovisuais, a través do manexo de software de edición e retoque de imaxes (Gimp), maquetación (Inkscape) , edición de vídeo (Openshot video editor e Kdenlive) e audio (Audacity) para a elaboración de podcast.

## 11.3 Tecnoloxías da información e da comunicación.

Internet supón unha fonte de información e recursos moi valiosa á hora de realizar traballos de investigación. O obxectivo é que alumnado desenvolva un pensamento crítico á hora de realizar unha busca na rede, dotándoo de estratexias para analizar a información recopilada seleccionando a parte útil, relevante e veraz, evitando que se limite a copiar e pegar directamente.

## 11.4 Emprendemento.

Trátase aquí de adquirir destrezas e habilidades necesarias para conseguir un obxectivo proposto. De adquirir conciencia do obxectivo e planificar o modo de logralo.

Desenvolveranse proxectos persoais e en grupo que traballen os seguintes aspectos:

- Capacidade de análise do alumno, capacidade de planificación e execución das

fases de traballo.

- Capacidade de superación dos problemas técnicos, de atopar novas vías .
- Desenvolvemento de habilidades para traballar en grupo.
- Desenvolvemento da creatividade e da imaxinación para a procura de solucións e alternativas.

Debemos traballar polo tanto a creatividade, a imaxinación, o autocoñecemento e a autoestima.

### 11.5 Educación cívica.

Neste apartado é moi importante que , a través da materia, atopemos a forma de proporcionar aos alumnos os valores que sustentan a vida en común e a cohesión social; Tamén aqueles valores que favorecen : A liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, igualdade, respecto...en definitiva, todos aqueles aspectos que constitúen a base dunha vida en sociedade.

Neste sentido, ademais de crear un ambiente de traballo no aula de aceptación, respecto e confianza que axude ao alumno a construír unha imaxe positiva de si mesmo e propoñer actividades ou traballos en grupo co fin de crear espazos próximos de convivencia, deseñaranse actividades nas que se traballen de forma específica contidos deste elemento transversal.

### 11.6 Prevención da violencia.

O tratamento da non discriminación quedará asegurado mantendo en clase comportamentos non sexistas e de respecto ao principio de igualdade de oportunidades para as persoas de diferentes razas, relixións, opinións.

Pero non só se trata de desenvolver estas capacidades de tipo intelectual, senón que é fundamental contribuír a que o alumnado desenvolva certas actitudes relacionadas coa valoración e o interese polo medio ambiente e a participación activa na súa conservación e mellora.

Dentro da Educación para a paz hai varios aspectos para tratar, entre os que se atopa fomentar actitudes de respecto cara ás persoas sexa cal for a súa condición social, sexual, racial, crenzas, a solidariedade cos colectivos discriminados, e a valoración do pluralismo e a diversidade.

## 12 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Debido ás circunstancias excepcionais nas que se desenvolven este curso académico o departamento programará a realización de varias saídas para visitar exposicións ou coñecer lugares da contorna, tendo en conta sempre as recomendacións sanitarias dentro do contexto da Covid-19.

Tamén se desenvolverán actividades dentro do recinto escolar como charlas e obradoiros relacionados coa materia. O programa de actividades está recollido no PXA.

O departamento de debuxo participará activamente en colaboración co equipo de actividades complementarias e extraescolares na organización e realización das actividades que se desenvolvan no centro durante o curso.

## 13 APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO.

### 13.1 Proxecto de centro.

#### **“A volta ao mundo de Magallanes e Elcano por un mundo sustentabel”**

Dende hai tres cursos desenvólvese de xeito transversal en todas as etapas educativas o proxecto anual de centro. Neste curso o proxecto xira en torno á conmemoración do 500 aniversario da 1ª volta ao mundo realizada por Magallanes e Elcano.

Dentro do ámbito socio-artístico este proxecto será o fío condutor en torno ao cal se artellarán as diferentes udis/proxectos que estruturarán os contidos e os estándares do currículo da materia para este curso.

En cada udi/proxecto se desenvolverán tarefas que culminarán na creación dun produto socialmente relevante para compartir cos membros da comunidade educativa.

### 13.2 Proxecto lector.

Para participar activamente no plan de fomento da lectura, o departamento de debuxo incluíu na programación didáctica dos diferentes cursos contidos e actividades que teñen por obxecto traballar a integración de ambas linguaxes, a literaria e a visual. Ilustración de textos literarios, a narración a través da imaxe, o cómic e o estudo e tratamento dos medios de comunicación impresos.

En cumprimento do plan lector establecido non centro adicaranse 25 min á lectura individual en cada grupo segundo o calendario establecido ao principio de curso.

## 14 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A programación revisarase trimestralmente, e nela se farán axustes referidos á temporalización e á organización dos contidos para que se axuste do xeito máis específico e real posible ás características e á evolución do alumnado.

- Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				



23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións: